

Ademáis existen produtos que exercen un control eficaz contra esta praga e que están autorizados para o escaravello da pataca.



Estas materias activas poderán consultarse na páxina web do Ministerio na seguinte dirección:

<http://www.magrama.gob.es/es/agricultura/temas/sanidad-vegetal/productos-fitosanitarios/registro/menu.asp>

No cultivo da pataca realízanse de forma habitual unha ou dúas aplicacións con insecticidas para o control do escaravello. Coa aparición do *Epitrix* debe modificarse a estratexia de control de pragas na pataca e incluír unha aplicación foliar temperá para o control dos adultos que reanudan a diapausa (marzo-abril).

Recoméndase a aplicación destas medidas de vixilancia e control nas zonas libres da praga de forma que se evite así a súa dispersión.

#### FORMULADOS AUTORIZADOS PARA ESCARAVELLO

MATERIA ACTIVA	MODO DE ACCIÓN
Acetamiprid	Neonicotinoide
Cipermetrin	Piretroide
Alfa cipermetrin	Piretroide
Betaciflutrin	Piretroide
Clorantniliprol	Diamida
Clorpirifos	Organofosforado
Clotianidina	Neonicotinoide
Deltametrin	Piretroide
Esfenvalerato	Piretroide
Fosmet	Organofosforado
Imidacloprid	Neonicotinoide
Lambda Cihalotrin	Piretroide
Metaflumizona	Metaflumizona
Metil clorpirifos	Organofosforado
Spinosad	Spinosines
Tiacloprid	Neonicotinoide
Tiametoxam	Neonicotinoide
Zeta-cipermetrin	Piretroide

Para máis información poderase consultar na páxina web da Consellería do Medio rural, na seguinte ligazón:

[http://mediorural.xunta.gal/areas/agricultura/sanidade\\_vexetal/plans\\_de\\_continxencia/](http://mediorural.xunta.gal/areas/agricultura/sanidade_vexetal/plans_de_continxencia/)

Ou ben poñénoe en contacto nos seguintes enderezos:

OFICINA XUNTA DE GALICIA	ENDEREZO	TELÉFONO/FAX
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE PONTEVEDRA	Rúa Fernández Ladreda 36003 Pontevedra	Tel: <b>986805446</b> / 986806554 Fax: 986805406
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DA CORUÑA	Rúa Vicente Ferrer nº 2 15008 A Coruña	Tel: <b>981182579</b> / 981184548 Fax: 981184474
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE LUGO	Ronda Muralla 70 27071 Lugo	Tel: <b>982294459</b> / 982889247 Fax: 982294808
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE OURENSE	Rúa Florentino L. Cuevillas baixo 32003 Ourense	Tel: <b>988386687</b> / 98386571 Fax: 988386482
SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA	Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños 15701 Santiago de Compostela	Tel: <b>881997443</b> / 981546799 Fax: 881997442



# a praga da PULGUIÑA da pataca

*Epitrix spp.*



XUNTA DE GALICIA



# A praga da PULGUIÑA DA PATACA

## *Epitrix spp.*

Dentro do xénero *Epitrix spp.*, insectos coleópteros da familia Crhysomelidae, existen varias especies que se consideran **praga no cultivo da pataca e que provocan danos no tubérculo**: *E. similaris*, *E. tuberis*, *E. cucumeris* e *E. subcrinita*. Todas elas **denomínanse vulgarmente pulgiñas da pataca**, debido a capacidade que teñen de dar pequenos saltos.

Orixinariamente este insecto provén de California (EEUU), e foi introducido en Europa de forma accidental. Hoxe en día **está presente en Portugal dende o 2008, así como en diversas rexións de España como Galicia (2010), Asturias (2014) e Andalucía (2015)**.

O *Epitrix spp.* é un organismo de corentena regulado pola Decisión da Comisión 2012/270/UE, modificada pola Decisión 2014/679/UE, polo cal se establecen **medidas obrigatorias de inspección, erradicación e control**.

### Descrición

- **Ovo**: son de forma elíptica, cor branco, liso e alongado.
- **Larvas**: son pálidas e delgadas, teñen a cabeza pequena de cor marrón e tres pares de patas curtas. O final do seu desenvolvemento **poden alcanzar os 5 mm** de lonxitude.
- **Pupa**: son de cor branco e **son difíciles de detectar** debido ó seu pequeno tamaño e a súa ubicación no chan.
- **Adultos**: os adultos das diferentes especies de *Epitrix* son moi semellantes entre si. Teñen un **tamaño menor de 2 mm**, o **corpo ten forma oval** e son de **cor escuro**.

### Especies hospedantes

Ademais da pataca, tamén **afecta a outras solanáceas cultivadas** (tomate, berenxena e pemento), ou silvestres como o estramonio (*Datura stramonium*) e a herba moura (*Solanum nigrum*). En ausencia de solanáceas tamén se poden alimentar de plantas doutras familias como **coles, remolacha, leituga, e incluso millo e xudía**.

### Ciclo biolóxico

Os adultos emerxen na primavera, despois dun período de hibernación na terra e nos restos do cultivo anterior. As femias poñen os ovos na base da planta e as larvas se dirixen ó sistema radicular e comezan a alimentarse das raíces e tubérculos. A pupación prodúcese no chan tras os a cal emer-



xen os adultos da seguinte xeración (entre xullo e agosto), que se dirixen ás follas para alimentarse. Os adultos entran en diapausa no chan para pasar o inverno.

### Síntomas e danos

Os adultos aliméntanse das follas, nas cales se observan diminutos buratos (de 1 a 1.5 mm de diámetro), mentres que as larvas danan os tubérculos creando galerías superficiais que non afectan á carne interior do tubérculo, sinuosas e de aspecto acorchado. O dano é principalmente estético, reducindo o valor comercial da pataca. Ademais as feridas provocadas polas larvas poden servir de vía de entrada para outros patóxenos.

### Medidas de control

A Consellería do Medio Rural publicou a *Resolución do 15 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza do organismo de corentena Epitrix spp (pulguiña da pataca), se establecen as zonas demarcadas e as medidas fitosanitarias para o seu control*.

As medidas fitosanitarias que deben aplicarse nas parcelas de produción de pataca dentro das zonas demarcadas son as seguintes:

#### a) Medidas para os agricultores

- 1 **Vixilancia continua** do cultivo para a detección precoz da presenza da praga.
- 2 **Desinfección da maquinaria** despois de traballar nunha parcela posiblemente afectada.
- 3 En caso de detección de síntomas da praga, **aplicación de tratamentos fitosanitarios autorizados** para o seu control.
- 4 **Retirada e destrución dos restos** de cultivo despois da colleita.
- 5 **Eliminación dos rebrotes** de pataca de anos anteriores.
- 6 **Control das malas herbas** que poidan ser hospedeiras da praga, tanto dentro da parcela de cultivo como nas beiras.
- 7 **Prohibición dos movementos de tubérculos** de pataca fóra da zona demarcada.

8 Os tubérculos destinados á comercialización **deberán ir a un almacén rexistrado dentro da zona demarcada**, no cal serán lavados ou cepillados e comercializaranse acompañados de pasaporte fitosanitario.

9 Recoméndase que nos casos en que se detecten síntomas da praga se realice **rotación de cultivos**, de forma que non se cultiven plantas sensibles nesa parcela durante dous ou tres anos.

#### b) Medidas para os almacéns comercializadores de pataca

Aqueles establecementos que queiran comercializar tubérculos procedentes de parcelas localizadas dentro das zonas demarcadas **deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais**, e para a súa comercialización os tubérculos deberan ir acompañados dun **pasaporte fitosanitario**. Para poder emitir pasaporte fitosanitario, antes da comercialización, **deberán someter os tubérculos a un proceso de lavado** ou cepilladura de forma que **non quede máis dun 0,1 % de terra**.

#### c) Control químico

A estratexia de control químico consiste na realización de **aplicacións foliares con insecticidas dirixidas principalmente ao control dos adultos invernales**, a fin de evitar a oviposición, coincidindo coas primeiras etapas de desenvolvemento do cultivo. Para esta aplicación **son eficaces os piretroides, organofosforados, neonicotinoides e diamidas**.

Recordase que, segundo a normativa vixente, os



tratamentos con produtos fitosanitarios de uso profesional **deberán ser aplicados por un usuario profesional co carné de nivel básico**. No caso de utilizar produtos fitosanitarios de uso non profesional, a posesión do carné non será preceptiva.

Actualmente existen **3 produtos específicos** contra pulgiñas das patacas autorizados no Rexistro de Produtos Fitosanitarios do MAGRAMA. Os seus formulados son **en base a estas materias activas**:

FORMULADOS AUTORIZADOS PARA PULGUILLA	
MATERIA ACTIVA	MODO DE ACCIÓN
Acetamiprid 20%	Neonicotinoide
Cipermetrin 50%	Piretroide